

Bases para a convocatoria do “Obradoiro monográfico de creación teatral “Be Crazy”” coa compañía Voadora no edificio do Antigo Hospicio e a selección do seu alumnado:

1.- O obradoiro será impartido por profesorado cualificado e os destinatarios desta actividade serán as persoas maiores de idade, artistas que queiran ferramentas de creación contemporánea co seu corpo. É un achegamento ao proceso de creación escénica de Voadora e traballarase dende unha perspectiva lúdica, irreverente e desinhibida, a composición e interpretación en dramaturxia contemporánea.

2.- Darase formación a un grupo formado, como máximo por 10 persoas, que presenten a solicitude para participar neste obradoiro, segundo o establecido nestas bases. O curso terá unha duración de 20 horas co seguinte horario: mércores 1 de xuño (de 16.00 h a 20.00 h), xoves 3 e venres 4 de xuño (de 10.00 h a 14.00 h e de 16.00 h a 20.00 h).

3.- As ferramentas propias para desenvolver este obradoiro tenas que aportar cada alumno. O Concello unicamente aportará as instalacións.

4.- As persoas que desexen participar deberán formalizar unha solicitude que estará a súa disposición no Rexistro Xeral do Concello e na páxina web municipal www.ferrol.es (Taboleiro de anuncios) unha vez se abra o prazo de inscrición. Non haberá listaxe de reserva.

Así mesmo, achegarase coa dita solicitude unha carta de presentación contando **quén es e por qué estás interesado en facer este obradoiro**.

O período de inscrición será de **10 días hábiles** dende a data de publicación destas Bases na páxina web do Concello e deberán presentarse no Rexistro xeral do Concello. **O criterio de admisión** será mediante a selección da carta de presentación e o interese en participar neste curso que será valorada por unha *comisión de valoración*.

5.- Unha vez elaborada a listaxe de persoas admitidas será publicada e poderá ser consultada na páxina web do Concello www.ferrol.es (Taboleiro de anuncios).

6.- As persoas admitidas disporán dun prazo de **5 días hábiles**, dende a publicación da listaxe anteriormente citada na páxina web do Concello, para o *pago* do prezo de matrícula que ascende á cantidade de 40 € (Ordenanza xeral reguladora do prezo público de actividades culturais do Concello de Ferrol).

7.- A estes efectos, no negociado de Facenda e Patrimonio deste Concello emitirase a correspondente carta de pago con indicación da conta bancaria de titularidade municipal na que deberán realizar o ingreso, e unha vez realizado dito ingreso presentarán o xustificante bancario no negociado de Cultura dentro do prazo anteriormente indicado.

Se no transcurso deste prazo non se tivese presentado o xustificante de ingreso bancario, considerarase que se renuncia á realización deste curso.

8.- A *comisión de valoración* estará integrada por un representante da concellería de Cultura do Concello de Ferrol, un responsable da empresa encargada da coordinación e desenvolvemento da actividade “Fóra do Mapa” e un representante do grupo teatral que vai a impartir obradoiro.

9.- O Concello de Ferrol, despois do remate do obradoiro, non se fará cargo nin custodiará o material con o que traballe o alumnado.

10.- O alumnado deberá asinar todos os días unha folla de asistencia, para que quede constancia da súa presenza, que achegará o profesorado ao remate das actividades.

O concelleiro delegado de Cultura e Ensino,

Jesús Basterrechea López